

## **RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2014 EN PONTEVEDRA, ENTRAS AS 12 E AS 13.50 HORAS.**

Asisten XT, Xefe Inspección, Secretario e representantes de CIG, CCOO, STEG e FETE-UXT. Non asisten os representantes de ANPE.

A Orde do Día foi a seguinte:

### **1. Lectura e aprobación das actas anteriores de 9 de setembro e 15 de outubro.**

Déixanse pendentes para unha vindeira xuntanza.

### **2. Temas pendentes xuntanzas anteriores.**

#### **2.1. Provisión vacantes negociadas na xuntanza de 15 de outubro para o curso 2014/2015**

Repasamos o estado real desas vacantes negociadas, pois detectáramos que varias aínda non se cubriran realmente a pesar de estar informadas favorablemente. O XT vai dando conta de cada unha. Denega a petición de especialista de Inglés no CEIP Viñas de Poio e deixa en mans do Equipo de Orientación Específica a posibilidade de un AL para o CEIP Parada Campañó, que a inspección de zona non considera necesario. A praza de PT do IES Alexandre Bóveda de Vigo está solicitada a Santiago e podería incorporarse ao centro no 1º trimestre de 2015...

#### **2.2. Situación 6ª praza AL concello de Tui.**

O XT contesta que non se completará neste curso esa 6ª praza.

#### **2.3. Solicitude de información sobre o proceso de implantación nova FPB.**

Adiamos este punto para unha vindeira xuntanza.

#### **2.4. CIFP A Xunqueira: perfil da vacante Intervención Sociocomunitaria; praza FOL. Como evitar que se volva repetir no próximo curso. Criterios para definir os perfís das prazas.**

CCOO formula de novo o tema desta praza e o XT contesta que foi a dirección do centro a que marcou criterios e perfís á hora de facer a solicitude da praza. Nos obstante, Inspección vixiará o tema no comezo do próximo curso para que non se repita o deste.

#### **2.5. ESAD: información reclamacións sobre notas.**

Houbo unha reclamación máis por escrito, di o XT, pero rexeitouse ao non estar fundamentada.

#### **2.6. Transmitiu a XT a queixa sobre uso da web institucional para replicar demandas de centros? Que resposta recibiu?**

XT di que si transmitiu a queixa e que lle contestaron que o Gabinete de prensa da Consellería facía uso da súa liberdade de expresión. STEG replica se dentro dese concepto tan curioso non hai sitio para o dereito a réplica dos centros, profesores, anpas, sindicatos, etc. aludidos, criticados, difamados etc. nunha páxina web que é ou debe ser cando menos institucional, non partidista nin gubernamental.

## **2.7. Protesta pola falta de instrucións sobre coordinacións de ciclo.**

Vólvese formular protesta, pero non hai resposta por parte de XT nen Inspector Xefe.

## **2.8. Vacante no Equipo de Orientación Específica: cubriuse?**

A resposta é non. A praza vacante é de AL, pero ese perfil podería cubrirse perfectamente coa xente que está agora no equipo (son todos de AL), de maneira que están mirando de completalo cunha praza de perfil distinto.

## **2.9. Obras e arranxos nos centros educativos: CEIP A Lomba-Vilagarcía (pingueiras); CEIP de Rubiáns (filtracións pavillón); CEP Antonio Magariños (estado das obras proxectadas); CEIP A Florida (Sanxenxo).**

CEIP A Lomba. A Consellería deu un ultimato á empresa construtora. Se a día 31 de decembro de 2014 non comezou a subsanar deficiencias, rescindiráselle a fianza e con ese montante iniciárase unha licitación nova para que outra empresa faga os arranxos.

CEIP Rubiáns. A Unidade Técnica fará informe en 2015 para a reforma do ximnasio, que terá que acometer o concello de Vilagarcía.

CEP Magariños. STEG pregunta sobre a cualificación de "ilegal" dada por inspección aos representantes da ANPA dese colexio, segundo a versión destes, a respecto da xuntanza celebrada no pasado mes de outubro con pais e nais polo profesorado de Educación Física do centro para explicar deficiencias do patio e da pista cuberta que dificultaban impartición normal das clases desa materia. O XT contesta que o profesor de EF ten que limitarse a dar as súas clases e non opinar sobre cuestións de índole técnica. STEG replica que, partindo da base de que as deficiencias si son asunto da incumbencia do profesorado e de que este ten dereito a opinar sempre sobre asuntos que lle afectan, o relevante non é tanto iso, senón o cualificativo de "ilegal" usado por inspección e pide que se indique en base a que norma, decreto ou lei sería "ilegal" esa reunión e, ademais, lembra que inspección chamou por telefone á directora do centro e a obrigou a levantar acta desa reunión. Tamén esixe saber STEG en base a que disposición, norma ou lei unha dirección ten que facer ese tipo de cometidos, que semellan máis propios da brigada político social da policía franquista. CIG súmase á petición de STEG.

CEIP A Florida-Sanxenxo. O estado do pavillón é competencia do Concello de Sanxenxo, pois é municipal, pero a consellería está disposta a asumir a metade do importe dos arranxos que fagan falta. Para iso ten que negociar co Concello.

## **2.10. Escrito resposta reclamación elección dirección IES Politécnico.**

Indica o XT que se lle vai mandar notificación de resolución por escrito denegatoria á persoa reclamante.

## **3. CEIP Viñas: problemas tellado e instalación eléctrica.**

En 2015 faranse arranxos para cambiar cuberta. Considerarase centro prioritario neste sentido.

## **4. CEIP A Escardia: problemática AL e PT.**

Este colexio ten AL compartido con CEIP de Rubiáns. Só vai 2 días á Escardia e en realidade é profe de Inglés con AL (atende a iniciación de inglés en varias unitarias de Vilagarcía), non de AL con inglés como se pediu. A secretaria do centro é a PT e non ten horas abundas. Hai tres nenos diagnosticados e necesitan outro PT/AL. A dirección do centro vai reclamar isto a través do Consello Escolar. O XT di que mandará EOEspecífica ao centro e que revisará o seu plan de atención á diversidade.

#### **5. Problemática criterios programación educación primaria.**

Denúnciase por parte de CIG a disparidade de criterios dos distintos inspectores á hora de abordar este tema. Uns dan uns criterios, outros non dan criterios e noutras provincias non se ten para nada o agobio que hai na de Pontevedra. XT di que xa deu orde de ter “flexibilidade” neste tema aos inspectores e o Inspector Xefe indica que se está facendo por unha comisión Inspección-CEFORE unha programación-modelo relativa a Ciencias Naturais para 3º de Primaria, que será enviada en breve para que sirva de pauta. STEG indica que publicar comezado setembro os currículos e querer que se teñan as programacións preparadas nos prazos habituais é un despropósito que só ten un responsábel, que é a Administración. Agradece a elaboración do modelo, mais pregúntase en que data vai estar a disposición do profesorado para ser usado como guía.

#### **6. Solicitud AL CEIP Escultor Acuña.**

XT xa reclamou esa praza de AL.

#### **7. Estado obras talleres carpintería CIFP A Xunqueira.**

Ten que ir a Unidade Técnica para facer proposta de redistribución de espazos: ou ben facendo ampliación tirando tabiques ou ben aproveitando o espazo dunha pista cuberta que hai no centro, mais como esta está en terreo de dominio marítimo-terrestre a xestión da obra complicaríase burocráticamente moito. CCOO pide que se solicite aos Departamentos afectados opinión sobre cal pode ser a mellor solución e o XT acepta.

#### **8. Rogos e preguntas.**

FETE-UXT pregunta sobre posibilidades de ampliación do instituto de Teis, dado o problema de espazo que se produce coa implantación nel de FP Básica.

FETE-UXT pregunta sobre marcha das obras no Colexio Froebel e sobre ampliación do IES Carlos Oroza, de Pontevedra.

CCOO solicita que se lle concedan medio PT e medio AL máis á Escola Infantil Vila Laura, dadas as necesidades detectadas.

E non habendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión sendo as 13.50 horas.